



MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA UNIDADE TEMPORAL DE PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PILOTO DE MATADOIRO MÓBIL

En Galicia existen un gran número de pequenas explotacións gandeiras con sistemas de crianza tradicional e extensiva que xeran produtos dunha enorme calidade, moitas delas ás veces de escasa rendibilidade, e que están en zonas de montaña e afastadas dos grandes núcleos de poboación, preto dos cales se asentan na maioría das ocasións os matadoiros e industrias cárnicas.

Neste contexto, a Consellería do Medio Rural, no marco das súas competencias de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control das producións gandeiras, e co obxecto de atender estas demandas e necesidades, decidiu desenvolver un proxecto piloto consistente no establecemento dun servizo de matadoiro móbil.

Para desenvolver este servizo a Consellería adquiriu unha unidade móbil de sacrificio, que se desprazará ata as explotacións que demanden o servizo, ou o máis preto posible delas, en rutas deseñadas en función dos avisos que realicen as persoas produtoras.

Para realizar o control oficial no matadoiro móbil, resulta necesario dotar a estas unidades de persoal inspector de Saúde Pública de Matadoiro, que en todo caso estaría baixo a dependencia da Consellería de Sanidade.

A estes efectos, e tendo en conta que a Consellería de Sanidade non ten a posibilidade de dotar deste persoal para realizar a inspección oficial no matadoiro móbil a través dos postos dispoñibles na Relación de Postos de Traballo, requírese a constitución dunha unidade temporal de persoal formada por dúas persoas veterinarias, coa preparación axeitada, que realice este servizo.

Xa que o servizo a prestar constitúe un proxecto piloto, do que será necesario avaliar o seu funcionamento, e no seu futuro a súa continuidade, a unidade temporal de persoal mencionada deberá ter unha vixencia temporal coincidente cos



deste proxecto, sendo a previsión deste de 30 meses, entre o 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2025.

O centro de traballo estará localizado nunha plataforma base localizada no Concello de Chantada, onde terá o punto de orixe e retorno o servizo, e dende a que se xestionará e centralizará este, e que conta con zonas de servizos administrativos e para os operarios, así como coas instalacións necesarias para o almacenamento de canais, a xestión dos residuos ou o depósito da unidade móbil e os vehículos que complementan o servizo.

A incorporación destes efectivos producirase mediante a súa publicación en comisión de servizo, e no caso de non cubrirse, procederase ao chamamento de persoal funcionario interino procedente das listas de contratación temporal da Xunta de Galicia reguladas polo Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desenvolvemento con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia modificado polo Decreto 60/2019, de 23 de maio.

Os custos de persoal anteriormente indicados e necesarios para a execución do Plan Piloto do Matadoiro Móbil, financiaranse pola Consellería do Medio Rural mediante unha baixa de crédito no capítulo VI (aplicación 14.04.713C.640.1) e unha ampliación de crédito do capítulo I da Consellería de Sanidade nas aplicacións 12.02.413A.120.00 e 12.02.413A.160.00 de acordo co establecido no artigo 64.1.g) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Para levar a cabo esta modificación de crédito as dúas consellerías asinan con data 21 de xuño de 2023 un Acordo polo que se dispón a achega da Consellería de Medio Rural a favor da Consellería de Sanidade para crear unha unidade temporal de persoal para a realización do control oficial no matadoiro móbil.

As retribucións deste persoal veterinario serán as asignadas no Anexo de Persoal da Consellería de Sanidade aos inspectores/as veterinarios/as de matadoiro/lonxa na aplicación 12.02.413A liña 1654.





Polo tanto, o orzamento necesario para a creación desta unidade é o seguinte:

Anualidades	Retribucións	Seguridade Social	Total
2023 (1-7 a 31-12)	43.356,36 €	13.006,61 €	56.361,97 €
2024	86.710,72 €	26.013,22	112.723,94 €
2025	86.710,72 €	26.013,22	112.723,94 €
Total retribucións 2023-2025 (30 meses)			281.809,85

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

